



PROPOSTAS E DEMANDAS DA CIG-Área Pública ANTE A “FUTURA” LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO ESPAÑOL PARA O ANO 2017

Partimos de que nestes momentos non sabemos quen vai ser o interlocutor por parte da Administración Xeral do Estado na suposta negociación dos orzamentos xerais do estado e de que non sabemos nin sequera cales van ser as liñas xerais da política de xestión do persoal ao servizo das administracións por parte do próximo goberno.

Isto engádese ao xa habitual xeito de encarar a negociación colectiva por parte dos dirixentes políticos da administración central durante os últimos anos nos que a vontade negociadora foi nula. Estes dirixentes políticos veñen sendo os mesmos que, en funcións, volven solicitar ás organizacións sindicais posicionamento sobre unha lei da que non sabemos nada.

Todo o que sabemos, como sempre a través de anuncios en prensa, é que o goberno en funcións anunciou que os salarios públicos medrarán un 1% en 2017 no caso de que se forme goberno a tempo de elaborar os presupostos. E O único que sabemos é a realidade á que nos abocaron durante estes anos: destrución de emprego público, precarización das condicións laborais do persoal empregado público, desmantelamento dos servizos públicos e a súa consecuente desaparición ou privatización.

De todos os xeitos a CIG si ten vontade negociadora e si cre no dereito da cidadanía a recibir uns servizos públicos universais e de calidade. Por iso presentamos as seguintes propostas dirixidas a recuperar os servizos públicos e a dignidade das persoas empregadas públicas.

1- Emprego público

As limitacións que a lexislación básica do estado impuxo para a reposición de vacantes ano tras ano levou a facer inviábel o mantemento de servizos públicos esenciais para moitas e moitos cidadáns. E a obrigatoriedade da eliminación de prazas vacantes non orzamentadas multiplicou a destrución de emprego.

Do boletín estatístico do persoal ao servizo das administracións públicas publicado pola administración central sacamos os seguintes datos:

- En xaneiro do ano 2010 o persoal ao servizo da distintas administracións públicas sumaba 2.597.956 persoas
- En xaneiro de 2016 eramos 2.371.492



Confederación Intersindical Galega

226.464 menos, un 8,72 % de destrución de emprego público nestes anos.

Non é suficiente coa taxa de reposición do 100 % das vacantes producidas no ano anterior. É preciso abordar un plan de choque para recuperar, cando menos, os niveis de emprego público do ano 2010, recuperar os servizos públicos privatizados e os eliminados e ter uns cadros de persoal que permitan por unha banda ofrecer uns servizos de calidade á cidadanía e por outra banda manter unhas condicións laborais dignas.

2- Precarización laboral nas administracións públicas.

A precarización está instalada nas administracións mediante dous sistemas básicos: a temporalidade e a degradación das condicións laborais e económicas.

Hai, por parte dos gobernos destes últimos anos, unha vontade de precarización sistemática do persoal ao servizo das administracións. Xustificándose na crise económica estableceuse unha política de descrédito dos servizos públicos que lle permitiu ao goberno acadar un dobre obxectivo: mermar as condicións laborais do persoal empregado público, limitando os seus dereitos e atacando a súa independencia profesional e entregar servizos públicos esenciais ao afán depredador de empresas privadas que teñen como único obxectivo a multiplicación dos seus beneficios económicos.

Este camiño de destrución ten que ser abandonado definitivamente. Temos que recuperar e dignificar o emprego público. E para iso hai que instaurar medidas no senso de rematar coa altísima taxa de temporalidade instalada nas administracións e acadar unhas condicións laborais, profesionais e económicas dignas.

Temporalidade.

- Plans de consolidación de emprego que permitan aproveitar o potencial de moito persoal xa experimentado e ao mesmo tempo regular a súa relación laboral, en moitos casos irregular.
- OPE con todas as vacantes, incluídas as que necesariamente deben ser creadas para, cando menos, recuperar os niveis de emprego público do ano 2010



Condições laborais, profesionais e económicas

- Restablecemento do complemento por incapacidade temporal que permita manter o 100% das retribucións
- Aplicación do dereito á xubilación parcial a todo o persoal
- Aplicación a todo o persoal da xornada de verán dende o 1 de xuño ate o 30 de setembro.
- Cotización do 100% do haber regulador do persoal de Clases Pasivas nos supostos de redución de xornada previstos na lei de igualdade.
- Promoción Interna: establecemento de procesos de promoción sostibles no tempo, que garantan que o persoal que acceda a distinto corpo ou escala de funcionarios por este procedemento se lle respecte a localidade de residencia e retribucións.
- Revisión dos regulamentos e procedementos para a provisión de postos de traballo do persoal laboral, funcionario e estatutario, no senso de reducir os procedementos de cobertura de xeito extraordinario (comisións de servizo, adscricións provisionais e adscricións temporais) e regulalos de xeito que permitan a transparencia e a igualdade de oportunidades, incluíndo un sistema de baremación mediante méritos obxectibábeis.
- Establecemento como sistema ordinario de provisión do concurso permanente e aberto que garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade.
- Eliminación dos sistemas de provisión que non garanten estes principios: os concursos especiais.
- Establecemento dun sistema real de carreira profesional que inclúa o desenvolvemento do previsto no EBEP respecto da creación do Grupo B, vinculando ao previsto no Sistema Nacional de Cualificacións e aos programas de formación para o emprego das Administracións Públicas.
- Establecemento dun sistema de formación permanente que garanta a actualización dos coñecementos do persoal ao servizo das administracións e permita a promoción profesional
- Incremento retributivo xeral acorde co crecemento do Produto Interior Bruto (PIB).
- Reposición dos importes das pagas extraordinarias á situación anterior ós recortes.
- Fondos para a recuperación do poder adquisitivo perdido dende o ano 2010.
- Reposición dos Fondos de Acción Social nos importes anteriores ós recortes.



Confederación Intersindical Galega

Temos que facer mención aparte da utilización por parte das distintas administracións dun sistema específico de precarización do persoal ao seu servizo: a utilización da denominada administración paralela ou administración instrumental para manter o seu persoal nunhas condicións laborais e económicas en moitos casos denigrantes. Dentro das administracións hai entes, consorcios ou empresas públicas que non teñen convenio colectivo propio nin se lles aplica o da administración da que dependen. As relacións laborais dentro desta parte da administración regúlanse polo Estatuto dos Traballadores, permitindo salarios e condicións laborais moito por baixo do resto do persoal. Iso si, á hora dos recortes salariais estes si lles son de aplicación.

É preciso unha norma básica que determine que o persoal da administración instrumental ten que ter as mesmas condicións que o resto do persoal. Aplicación a este persoal da normativa que regula as relacións laborais da administración da que dependen.

Para evitar situacións de discriminación entre persoal ao servizo das administracións a normativa que restitúa dereitos ten que ser de aplicación directa a todas as administracións e a todas as persoas empregadas públicas

E para respectar tanto a autonomía organizativa das distintas administracións públicas como o exercicio das súas competencias as disposicións da lexislación do estado que teñan carácter de normas básicas deberán ter sempre o carácter de mínimas.

Hai tamén unha serie de demandas que presentamos dirixidas ao persoal ao servizo da administración central, xa que os orzamentos do estado recollen estes temas:

- Reactivación do Acordo de Carreira Administrativa da AEAT do 14/11/2007, paralizado por mor da crise desde o 2010.
- Desenvolvemento normativo da segunda actividade para Vixilancia Aduaneira, aprobada pola lei 66/97 e sen aplicación efectiva por falta de regulamento.
- Modificación da Resolución de Xornada e Horarios con establecemento dunha xornada ordinaria máxima equivalente a 37,5 horas semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual



Confederación Intersindical Galega

- Flexibilidade no disfrute dos períodos vocacionais, eliminando a obriga de facelo entre o 15 de xuño e o 15 de setembro.
- Establecemento da Xubilación Parcial para o persoal incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social dependente da Administración Xeral do Estado.
- Proposta de integración no Réxime Especial do Mar (á efectos de coeficientes redutores) para aquel persoal que realiza función de Inspectores de Pesca e dos Organismos Públicos de Investigación.
- Modificación do Real Decreto de adaptación da Lei de Prevención na Administración do Estado respecto do establecido dos ámbitos dos Comités de Seguridade e Saúde así como a designación dos Delegados e Delegadas de Prevención.
- Promover a xestión pública do fondo do Plan de Pensións da Administración Xeral do Estado.

A Coruña 29 de Xullo de 2016

Asdo:MCarme López Santamariña
Coordinadora CIG-Área Pública

A/A Antonio Germán Beteta Barreda
Secretario de Estado de Administracions Públicas
Paseo Castellana,3
28046 MADRID